



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Rodríguez, Pablo
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a.
González Pillado, Esther M^a.
Macías Cambra, Enrique
Montero Muñoz, María
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA

Allegue Agüete, Pilar
González Crespán, Araceli

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 12 de marzo de dous mil dez ás 13:00 horas en primeira convocatoria e ás 13:15 horas en segunda.

O venres, día **12 de marzo 2010**, ás 13:20 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:


1. Elaboración do censo electoral para a elección do/a Reitor/a da Universidade de Vigo.

Punto 1. Elaboración do censo electoral para a elección do/a Reitor/a da Universidade de Vigo.

Intervén a presidenta da Comisión, quen expón que a convocatoria de hoxe responde ao chamamento realizado por un membro desta Comisión, na que se instaba a que se cumprise estritamente o procedemento para as eleccións a Reitor. Segundo o artigo 6 do regulamento destas eleccións “*corresponde á Comisión Electoral... elaborar o calendario, o censo e procedemento electoral...*”. Engade a presidenta que, en ningún caso, tratouse de subtraer competencia algunha a esta Comisión nin incorrer en deixamento de funcións. A elaboración dos censos é un proceso moi laborioso que se realiza dende distintos servizos e onde todo o persoal da Secretaría Xeral leva facendo un grande esforzo. Coa normativa vixente, o persoal dos servizos implicados elaboran os censos co máximo celo no seu traballo. Obviamente, esta Comisión ten toda a competencia sobre o censo dado que é quen resolve definitivamente todas as reclamacións que se realicen ao mesmo. Nas eleccións realizadas ata o de agora nunca a Comisión Electoral elaborou os censos, senón que, actuou no momento da resolución das reclamacións o mesmo, e este foi o procedemento que se tratou de seguir.

A presidenta remata a súa intervención cunha declaración final para solicitar a máxima colaboración e confianza a todos e cada un dos membros da Comisión, que permita traballar en condicións de seguridade xurídica e sen sentir a ameaza dunha impugnación en cada acto que se realiza. Tense aprobado un calendario electoral e é de interese xeral, e desta Comisión en particular, tratar de que se cumpra e que as eleccións se leven a cabo en tempo e forma co menor número de incidencias posibles.

Ábrese unha quenda de intervencións.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Intervén o Sr. Álvarez quen sinala que foi el quen fixo o chamamento sobre a necesidade de que a Comisión Electoral elaborarse os censos ante a preocupación de que, determinada persoas que están excluídas do censo, poidan impugnar as eleccións por un defecto formal.

A secretaria xeral resposta que calquera persoa que estea excluída do censo pode presentar a correspondente reclamación ante a Comisión Electoral, quen será a que resolva aplicando a normativa vixente, isto é, os regulamentos dos procedementos electorais e as interpretacións feitas polo Consello de Goberno dos artigos 32 e 57 dos Estatutos para eleccións a Claustro e 45 para eleccións a representantes de Consellos de Departamentos. Recordada ademais, o enorme traballo que supón a elaboración dos censos para todo o persoal da Secretaría Xeral, que o que está facendo é facilitar o traballo da Comisión.

Debátese entre os membros da Comisión sobre a competencia da mesma sobre todo o proceso electoral, con intervención da Prof^a. Vaquero, o Prof. Bravo, os Srs. Fernández, Macías e Álvarez, a secretaria xeral e a presidenta da Comisión.

Finalmente, se presentan ante os membros da Comisión os censos elaborados e todos eles firman a correspondente dilixencia que fai constar que aceptan eses censos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 12 de marzo de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral

María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral

Esther Mª González Pillado